



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

BASES REGULADORAS PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DO MUNICIPIO DE MAÑÓN.

1º Obxecto da convocatoria

Elección de xuíz de paz titular

2º Lugar e prazo de presentación de solicitudes

No Rexistro Xeral do Concello, Pza. Mesón, s/n, O Barqueiro, en horario de 08:00 a 14:00 horas, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, no prazo de 15 días hábiles dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

3º Requisitos dos aspirantes

- a) Ser español.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- d) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, e de conformidade co previsto nos artigos 14 e seguintes do Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

4º Documentación a achegar coa solicitude

- a) Certificado de nacemento ou copia autenticada do Documento Nacional de Identidade.
- b) Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, de non estar inculcado ou procesado.
- c) Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer o cargo.
- d) Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

5º Elección e nomeamento

As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello para a elección da persoa idónea de entre as interesadas co quórum de maioría absoluta dos seus membros.

O candidato elixido polo Concello será proposto á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza para o seu nomeamento como xuíz de paz titular por un período de catro anos.

Mañón, coa data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

D. Alfredo Dovale Pedreira